



## CONVOCATORIA DE CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL

**POSTO:** 1 Auxiliar para a Oficina Municipal de Turismo.

- O contrato realizarase pola modalidade de contratación laboral por obra ou servizo determinado. Prazo 4 meses. Xornada completa.

O traballo, respectando sempre a xornada semanal, poderá desempeñarse en sábados, domingos e festivos dada a natureza das funcións a desenvolver.

- As funcións obxecto do contrato serán: A atención ao público na Oficina Municipal de Turismo de Ribadeo así como o apoio e coordinación con outros servizos complementarios relacionados coa Area Municipal de Turismo, baixo a dirección dos responsables municipais do servizo.

- As retribucións mensuais íntegras serán 1.032,54 €/brutos mensuais, incluída a parte proporcional de pagas extraordinarias.

### **-Requisitos dos aspirantes:**

\* Xerais: Cumpri-los requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, de 12 de abril, publicado no BOE num.89 de 13.04.2007.

\*Específicos: O título de E.S.O. ou superior.

### **Criterios de valoración.-**

#### **1.1 PROBA ESCRITA.-**

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais de Administración Local e Procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos. Por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

## A) Parte Xeral:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e disposicións complementarias (aspectos xerais)
2. Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común (aspectos xerais).

## B) Parte especial:

1.-Coñecemento do termo municipal de Ribadeo. Estrutura, parroquias, historia, lugares de interese, espazos turísticos, etc. Coñecemento da comarca de A Mariña lucense.

2.-Ley 7/2011, de 27 de outubro de Turismo de Galicia.

### 1.2.- ENTREVISTA CURRICULAR:

Consistirá en responder a preguntas formuladas polos membros do Tribunal que tratarán sobre cuestións curriculares dos/as aspirantes coa finalidade de apreciar o grao de experiencia laboral en relación ao posto a que optan, valorándose principalmente a aptitude e actitude para o emprego que se convoca. Non se formularán preguntas sobre aspectos persoais ou non relacionados cos empregos que se convocan.

A entrevista valorarase ata un máximo de 8 puntos.

A entrevista será obrigatoria.

### 2. Coñecemento do idioma galego.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego computándose unicamente o grao superior alegado e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

- 1) Grao de iniciación.....0,25 puntos.
- 2) Grao de perfeccionamento..... 0,50 puntos.
- 3) Grao de especialización.....1,00 puntos.

**Máximo 1 punto.**

### 3. Antigüidade no paro:

Pola permanencia en situación de desemprego, de xeito continuo, valorarase con 0,02 puntos/por cada mes completo ou fracción **ata un máximo de 1 punto.**

### 4. Por cursos directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 40 a 70 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 40 horas..... 0,20 puntos.



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.

1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

## **5. Outros méritos:**

Títulos oficiais acreditativos do coñecemento e dominio dos idiomas Inglés, francés ou alemán.  
Valoraranse polo Tribunal **ata un máximo de 2 puntos.**

## **TRIBUNAL AVALIADOR:**

**Presidente:**D<sup>a</sup> Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello.

Suplente:D. José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello.

### **Vocais:**

Titular: D. José Vázquez Cupeiro, Administrativo de Admón.Xeral do Concello.

Suplente: Dona Verónica Fernández Pérez, Responsable da OMIX deste Concello.

Titular: Dona Luisa González Rodríguez, Avogada CIM do Concello.

Suplente: D. Francisco M.Moreda Gil, arquitecto municipal.

### **Secretario con voz e sen voto:**

Titular: D.Fidel Maañón López, Secretario Xeral acctal. da Corporación Municipal.

Suplente: D.José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello.

## **DOCUMENTACION A PRESENTAR:**

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), DNI, xustificante dos requisitos esixidos (titulación/s, carnet/s, etc.), relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (deberá aportarse contrato/s ou certificado/s dos servizos prestados, curso/s realizado/s,xustificante do tempo en desemprego, etc.).

**Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.**

## **LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:**

A documentación deberá presentarse como máximo ata as 14 horas do día 9 de maio de 2012 no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello.

A proba e selección de persoal realizarase o día 14 de maio de 2012 ás 17,00 horas na Casa do Concello.

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, de xeito previo á sinatura do contrato laboral temporal, pasa-lo recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello (Mutua Gallega) co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións, sen cuxo requisito non se poderá formaliza-lo contrato de traballo.



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax. 982 130 975  
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-8

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

Ribadeo, 27 de abril de 2012.  
O ALCALDE.



Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA